

*Bases selección persoal Programa PIEL 2019 da Deputación Provincial.-*



**Obxecto:**

O obxecto desta convocatoria é cubrir, mediante concurso 14 prazas de operarios/as ao abeiro do Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais nos concellos da provincia de A Coruña de menos de 20 000 habitantes para o ano 2019, cofinanciado pola Deputación da Coruña.

A contratación realizarase a través da modalidade de contrato de duración determinada por obra ou servizo, a tempo parcial. A duración da obra ou servizo será de 2 meses.

As vacacións e c horario, que poderá ser partido en xornada de mañá e tarde, e de luns a domingo, adaptaranse ás necesidades do servizo.

**Requisitos:**

- Ser español/a ou nacional dalgún dos países da UE ou nacional doutros estados con convenio coa UE que sexa de aplicación. Tamén poderán participar os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros estados membros da UE ou dos nacionais doutros estados con convenio que sexa aplicable ao respecto.
- Estar inscritas no SEPE como persoas desempregadas

Deberán cumplir ademais algúns dos seguintes requisitos:

- Persoas maiores de 45 anos desempregadas.
- Persoas con discapacidade (aportará certificado de minusvalía)

**Presentación de instancias:**

1. Nas oficinas municipais ou a través da Sede electrónica da páxina web municipal, antes das 13.00 h. no primeiro caso, do día 10 de maio de 2019, e das 24.00 h. do mesmo día na Sede electrónica.

As instancias irán acompañadas do DNI, tarxeta de desemprego e xustificantes dos méritos alegados e dos requisitos esixidos.

Lista provisional de admitidos/as: *Día 13 de xuño*. Reclamacións ata as 12.00 h. do día 14 de maio.

Lista definitiva e resultado da selección: *Día 15 de maio*.

**Selección: Dia 15 de maio, as 10, na Casa Consistorial.**

Consistirá:

1- Na realización dun exercicio tipo test ou preguntas curtas sobre o Programa do Anexo 1 destas bases, valorable de 0 a 10 puntos.

2- Meritos: Ter realizado programas de capacitación, formación e integración laboral. Valorarase de 0 a 2 puntos.



Tribunal de valoración:

Estará integrado exclusivamente por persoal funcionario .

Lista de seleccionados/as e presentación de documentos:

Rematada a cualificación, será publicada no taboleiro de anuncios a relación puntuada das persoas seleccionadas,

No caso de empate na puntuación terán preferencia os/as aspirantes con maior puntuación do apartado A e se persiste por sorteo.

As persoas seleccionadas deberán de presentar en prazo de 1 días a partir da publicación do resultado de selección a seguinte documentación:

- Certificado da conta bancaria e número de afiliación da seguridade social.
- Declaración xurada de non atoparse separado de servizo de AAPP, nin estar incurso en causas de incapacidade ou incompatibilidade

Formalizarase listaxe de reserva coas persoas que non obtiveron posto por menor puntuación.

**PROGRAMA – ANEXO 1**

- 1.- O termo municipal de Muxía. Lugares de interese. Servizos. Parroquias e lugares de poboación.
- 2.- Os servizos mínimos municipais: recollida de lixo, abastecemento de auga, limpeza viaria...
- 3.- Dereitos e deberes dos/as empregados públicos.
- 4.- Nocións básicas sobre seguridade e hixiene no traballo.
- 5.- Tarefas dun/unha operario/a de servizos múltiples. Forma de prestación. Útiles e ferramentas.